



O falso debate sobre o ERE en Telefónica

Os socios están a facerlle o xogo á empresa, introducindo debates interesados sobre o ERE. A realidade é outra: esta empresa non precisa destruír emprego para seguir gañando cartos a esgalla.

Na negociación deste convenio colectivo, e do ERE que Telefónica puxo enriba da mesa, estamos a ver unhas posicións que non deixan de abraiarnos: sindicatos reclamándolle á empresa que despida máis xente, parécenlles poucas as 6500 baixas que presentou a empresa no Plan Social.

Por difícil que poida parecer a cousa está deste xeito: sindicatos que se din de clase dan a batalla para que a empresa lle pague a traballadores por mandalos para casa mentres no Estado español hai máis de 4 millóns de parados e case a metade dos mozos e mozas deste país non teñen traballo.

Os datos publicados pola empresa para o primeiro trimestre do ano 2011 son claros, o resultado operativo para Telefónica de España foi de 1.402 M€, superior ao de Telefónica Latinoamérica que foi de 1.383, e moi superior ao de Telefónica Europa (223 M€).

Non debemos levarnos a engano, este ERE pretende que directivos e accionistas se repartan aínda máis beneficios, empobrecendo a sociedade da que obteñen todos ese ingresos.

Noutro falso debate, fálase se Telefónica debe pagar os dous anos de paro para os que despida. UGT chega incluso a defender a posición da empresa pedíndolle á administración que asuma o custe dos dous anos de paro. Tampouco nos levemos a engano, seremos os traballadores e traballadoras os que acabemos pagando, dun xeito ou doutro.

A CIG quere ir ao cerne da cuestión, esta empresa pode crear emprego e seguir dando moitos beneficios. Para iso deben recuperarse actividades, mellorar as nosas condicións laborais, limitar os salarios dos directivos, facer maior investimento que nos permita competir en mellores condicións... En suma, dirixir a empresa para darlle continuidade de futuro e non desmantelala como está a facer a actual dirección.

Na CIG non estamos en contra de que os traballadores poidan adiantar o seu retiro, cando así o decidan libremente, para iso hai fórmulas. É ridículo defender que se crearán un máximo do 5% de postos de traballo ao tempo que se destrúen miles deles, se hai xente que vai deben entrar outros na empresa. Non podemos defender saídas individuais duns poucos hipotecando o futuro das xeracións vindeiras, colaborando no desmantelamento da empresa que máis beneficios xera no Estado Español.

Podemos entender aos que están esperando unha saída individual, pero hai que pensar que as nosas accións repercutirán nas xeracións que veñen detrás. Imaxínade como estaríamos hoxe se os que loitaron antes ca nós fixesen o mesmo.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate !!!

A Coruña 3 de xuño de 2011